

# *Unidade didáctica*

*Primeiros pasos cara o noso Diario Virtual*  
*Informática*

*Cristina Fernández Sanmiguel*

*44481749-W*

*David González Álvarez*

*44487364-M*

*Diego Garrido Rivero*

*44449325-P*

*Irene Lemos Ucha*

*76898548-A*

<b>TÍTULO</b> _____	<b>3</b>
<b>CONTEXTO</b> _____	<b>3</b>
Situación socioeconómica e cultural da zona _____	<b>3</b>
Tipoloxía escolar _____	<b>3</b>
<b>INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA</b> _____	<b>4</b>
Xustificación _____	<b>4</b>
<b>IDEAS E COÑECEMENTOS PREVIOS DOS ESTUDIANTES</b> _____	<b>5</b>
<b>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS</b> _____	<b>5</b>
<b>APORTACIÓNS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS</b> _____	<b>5</b>
<b>CONTIDOS</b> _____	<b>6</b>
Conceptuais _____	<b>6</b>
Procedimentais _____	<b>6</b>
Actitudinais _____	<b>6</b>
<b>ACTIVIDADES</b> _____	<b>7</b>
<b>METODOLOXÍA</b> _____	<b>8</b>
<b>AVALIACIÓN DO ALUMNADO E DO PROCESO</b> _____	<b>8</b>
Avaliación do proceso _____	<b>9</b>
Criterios de avaliación _____	<b>9</b>
Procedementos e instrumentos de avaliación _____	<b>9</b>
Avaliación dos alumnos _____	<b>10</b>
Criterios de avaliación _____	<b>10</b>
Procedementos e instrumentos de avaliación _____	<b>10</b>
<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b> _____	<b>11</b>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b> _____	<b>11</b>
<b>ORGANIZACIÓN ESPACIAL</b> _____	<b>12</b>

## TÍTULO

---

“Primeiros pasos cara o noso Diario Virtual”.

## CONTEXTO

---

A presente unidade didáctica desenvolverase no IES “As Lagoas” situado no barrio do mesmo nome, preto do centro comercial ourensán “Ponte Vella”, a carón do Campus universitario da Universidade de Vigo e na entrada da cidade procedente dos concellos de Luintra e Pereiro de Aguiar. Estas características determinan dun xeito claro o tipo de alumnado do centro.

### *Situación socioeconómica e cultural da zona*

O centro aséntase nun barrio novo próximo ó centro urbano, lugar de residencia dunha poboación maioritariamente de clase media e media - baixa.

A gran maioría dos alumnos vive cos seus pais, ou cun deles. No caso de mais da metade do alumnado, ámbolos dous pais traballan fóra do fogar.

Isto supón marcadas diferenzas culturais e de medios para a educación.

Os servizos culturais e de lecer dispoñibles son limitados. Polo contrario, abundan os centros educativos de distintos niveis. Non existen, na área de influencia, problemas de marxinação acusada ou de conflito social; nin características culturais diferenciadoras con respecto ó resto da cidade.

### *Tipoloxía escolar*

Aproximadamente o 90% do alumnado provén do núcleo urbano, mentres que o outro 10% procede de vilas e entidades rurais do entorno. A formación académica anterior é xeralmente axeitada, percibíndose algunhas carencias específicas no alumnado que vén do medio rural.

## **INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

O Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, aprobado polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), e que establece as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria como consecuencia da implantación da Lei orgánica de Educación (LOE), foi desenvolvido na Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria para esta comunidade. O presente documento refírese á unha unidade didáctica da materia de Informática, optativa do segundo ciclo da ESO.

Esta unidade pretende achegar aos alumnos ás TIC dende unha metodoloxía totalmente práctica, na que eles mesmos sexan os que aprendan a facer uso desas tecnoloxías segundo as súas propias necesidades.

Ante o auxe das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) na sociedade actual, nace a idea de que os alumnos participen activamente na elaboración dunha páxina web, cuxo contido enfócase á realización dun diario virtual sobre o instituto. Con esta temática os alumnos veranse involucrados nunha tarefa que pode ser de interese para eles; á vez que aumentan os seus coñecementos na materia de informática.

O grupo está formado por un total de 20 alumnos, con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos, onde a diversidade de actitudes é palpable.

O aula dispón dun total de 15 equipos informáticos, dos que se utilizarán 10, xa que as actividades se levarán a cabo por parellas. As mesas que soportan os equipos estarán distribuídas en forma de U.

### *Xustificación:*

O que se pretende conseguir con esta unidade didáctica é que os alumnos adquiren os coñecementos básicos para o manexo de ferramentas que lles permitan levar a cabo a

creación e o deseño dunha páxina web. Asemade fomentarase a cooperación e o respecto durante a realización de traballos en grupo.

## **IDEAS E COÑECEMENTOS PREVIOS DOS ESTUDIANTES**

---

Partindo da base de que esta unidade non se vai realizar ao comezo do curso escolar, para avaliar os coñecementos iniciais dos alumnos, relacionados cos conceptos que se van tratar nesta unidade, realizarase unha serie de sinxelas cuestións a modo de enquisa.

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

---

Os principais obxectivos didácticos da unidade son:

- Aprender a buscar e seleccionar a información relevante en Internet.
- Iniciar ó alumno na linguaxe de etiquetas HTML.
- Coñece-los elementos básicos para a presentación de contidos na web: táboas, imaxes e hipervínculos.
- Adquirir-los coñecementos básicos da ferramenta de creación e manexo de páxinas web denominada *Microsoft FrontPage*.
- Realizar un tratamento dixital da información, de maneira que o resultado final obtido sexa amigable, atractivo, lexible e entendible para o visitante da páxina web.

## **APORTACIÓNS ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

---

Posto que o obxectivo da unidade é crear unha páxina web do centro, os alumnos deberán buscar por eles mesmos o deseño e os contidos da mesma, aprendendo a diferenciar a información relevante da que non o é. Ademais de aportar creatividade á hora de face-la súa propia páxina, a unidade didáctica tamén se centrará en promover o traballo en grupo, incidindo no respecto e colaboración entre compañeiros.

## CONTIDOS

---

### *Conceptuais*

- Aprendizaxe de código HTML, necesario para a creación dunha páxina web.
- Toma de contacto coas opcións principais da ferramenta de deseño de páxinas web *FrontPage*.
- Coñecemento da estrutura básica dunha páxina web de inicio.

### *Procedimentais*

- Uso de distintos buscadores de Internet para a localización de páxinas web similares á que se propón realizar.
- Observación de páxinas web similares en Internet.
- Recoñecemento dun documento HTML en canto a súa estrutura e linguaxe.
- Análise dunha páxina web existente e comparación co seu código HTML.
- Utilización e integración de distintos contidos multimedia.
- Realización dunha páxina web de inicio.

### *Actitudinais*

- Interese e receptividade ante as novas tecnoloxías da comunicación e actitude crítica ante o seu uso.
- Interese en consultar páxinas web xa existentes co obxecto de mellorar tanto en forma coma en contido as que o usuario deseñe no futuro.
- Recepción activa e actitude crítica ante a distinta información que se pode atopar na rede.
- Valoración da importancia e a utilidade do uso de ferramentas informáticas de deseño web.
- Interese na creación de páxinas web propias.
- Responsabilidade na publicación e o uso dos contidos que se inclúen nas páxinas web.
- Gusto pola planificación e a organización necesarias para realizar calquera traballo.
- Interese, esforzo e auto-esixencia na elaboración rigorosa e sistematizada das actividades propostas en clase.
- Valoración e respecto polas normas que rexen o intercambio comunicativo entre os compañeiros.

- Receptividade, interese e respecto polas opinións alleas.
- Respecto ó material escolar proporcionado.

## **ACTIVIDADES**

---

As actividades proporanse de acordo ao nivel académico dos alumnos e ao tempo dispoñible, adaptándose perfectamente aos contidos do tema e os conceptos fundamentais previamente explicados.

O profesor fará unha breve explicación sobre como se elabora correctamente unha páxina de inicio dun portal web. Tras explicar as funcionalidades básicas da ferramenta *Microsoft FrontPage*, os alumnos posuirán os coñecementos necesarios para a posta en escena dos mesmos e pasarán a realizar en parellas as seguintes actividades:

- Realizar un traballo de investigación no que se estuden as diferentes páxinas web de inicio existentes na rede.
- Detecta-los tipos de elementos que adoitan aparecer nas páxinas web de inicio e cal é a distribución máis común deses elementos.
- Buscar, comparar e identifica-los contidos comúns entre distintas páxinas web de semántica similar á proposta.
- Selecciona-la información relevante para os contidos da páxina.
- Recolleita de todo o material multimedia, tal como: fotografías, imaxes, debuxos, vídeos, música, etcétera, que se pensa engadir na páxina de inicio do diario virtual.
- Familiarización coas opcións principais do programa de deseño web *Microsoft FrontPage*.
- Realización da plantilla ou estrutura básica da nosa páxina web, indicando que elementos (texto, imaxes, enlaces, menús...) van aparecer e onde.
- Deseño e realización de cada un dos elementos que van aparecer na páxina web de inicio do noso diario virtual.
- Integración de todos os elementos utilizando a plantilla.
- Os alumnos poderán reforzar o uso de *Microsoft FrontPage* con pequenas actividades como a creación de enlaces a través dun texto, un botón ou unha imaxe.

- Aos alumnos avantaxados daráselles flexibilidade e apoio para que consulten a axuda de *Microsoft FrontPage* e recursos web para coñecer opcións mais avanzadas do programa de deseño web.

## **METODOLOXÍA**

---

A metodoloxía empregada rítese fundamentalmente pola flexibilidade, actividade do alumnado, participación e integración. Ante todo está baseada no proceso, por riba dos resultados finais obtidos.

O desenvolvemento da unidade didáctica tomará o ton mais práctico posible. A unidade constará dunha breve explicación por parte do profesor dos conceptos fundamentais para a construción dunha páxina web; así como dos elementos mais importantes da aplicación que se vai utilizar (barras de ferramentas, menús...).

A unidade se desenrolará simultaneamente mediante dous métodos:

- Explicacións do profesor.
- Realización das actividades propostas en parellas de alumnos. Estas actividades supoñen a avaliación continua do proceso de aprendizaxe, pois o profesor observará en todo momento o grao de desenvolvemento das mesmas, e se estas se van realizando satisfactoriamente.

Tanto a lección maxistral, como as actividades en que se divide o proxecto de deseñar unha páxina web que represente un diario virtual, faranse nunha aula de informática do centro.

## **AVALIACIÓN DO ALUMNADO E DO PROCESO**

---

Na avaliación débese considerar tanto a actividade de ensino que é a unidade didáctica, como a actividade de aprendizaxe realizada polos alumnos. Para que a avaliación sexa coherente cos métodos de ensinanza adoptados, débese apoiar fundamentalmente na observación do que ocorre no aula cada día de clase.



## *Avaliación do proceso*

### **Criterios de avaliación**

Esta avaliación ten como obxectivo mellorar o ensino da unidade e facilitar información ao profesor para a súa auto-avaliación. A gran finalidade dos criterios de avaliación do proceso é axustar os itinerarios que se percorren mediante os procesos de ensino-aprendizaxe en función dos obxectivos previstos e do seu cumprimento.

Débense considerar os seguintes criterios:

- A consecución dos obxectivos sinalados en cada actividade e os xerais da unidade.
- O interese e a motivación que espertou a unidade nos alumnos.
- Si se conseguiu respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno mediante as actividades específicas, tanto para os mais hábiles, como para os que teñen mais dificultades.
- Si o ambiente da clase foi relaxado e o ritmo de traballo axeitado.
- Si os erros, bloqueos e dificultades detectadas foron previstos.
- Si as intervencións do mestre condicionaron e dirixiron o traballo dos alumnos.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Para a avaliación da unidade o primeiro que se ten que facer é recoller os datos para a auto-avaliación. Algúns dos procedementos son:

- Observación de comportamentos.
- Entrevistas.
- Probas.
- Cuestionarios orais e escritos.

Os datos recóllense en diversos instrumentos para a avaliación. Podemos clasificalos en oficiais, cuxo formato é determinado pola Administración, ou persoais, de formato libre seleccionados ou construídos polo profesor ou equipo de profesores.

Entre os instrumentos de rexistro do profesor ou equipo poden ser utilizadas escalas de valoración (para contidos de tipo actitudinal e procedimental) e listas de control (para obxectivos e contidos vinculados ao dominio conceptual).

## *Avaliación dos alumnos*

### **Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación da aprendizaxe dos alumnos son os seguintes:

- A organización, ortografía, presentación e calidade dos traballos entregados.
- A utilización do vocabulario específico da materia en procesos de procura, análise, selección, resumo, comunicación, interpretación e redacción de documentación.
- O uso do navegador web *Internet Explorer*.
- O emprego de buscadores de Internet como *Google*.
- A realización das actividades utilizando unha metodoloxía creativa, que non ten porqué coincidir coa exposta polo mestre.
- O coñecemento de diferentes métodos para crear unha páxina web.
- Ser capaz de comparar a visualización dun documento HTML no navegador co seu código correspondente.
- O coñecemento do programa específico de diseño web *Microsoft FrontPage*, así como as distintas posibilidades que éste ofrece.
- O coñecemento dos tipos de contidos multimedia que se poden por nunha páxina web.

Ademais dos criterios anteriores, tamén se terán en conta criterios actitudinais como: actitude do alumno, asistencia a clase, interese no tema, motivación, comportamento, afán de superación, traballo en grupo, participación e achegas de cada membro.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Para a avaliación desta unidade levaranse a cabo as seguintes actividades de avaliación, das que se indica a porcentaxe mínima da cualificación dos alumnos.

- Traballo diario na clase e actividades: mínimo 35%

A observación sistemática do traballo diario do alumno.

O traballo do día a día na clase será, polo tanto, a información fundamental para a avaliación individual dos alumnos.

Non se terá demasiado en conta o tempo que tarden en realizar a actividade; avaliarase positivamente un alumno se sabe como utilizar as ferramentas

proporcionadas e se pon interese pola consecución dos obxectivos expostos, aínda que finalmente no se chegue a obter os resultados finais esperados.

- Probas prácticas de realización de actividades: mínimo 35%  
Entrega da páxina web de inicio do diario virtual realizada por cada grupo de dous, así como unha documentación sobre a mesma.
- Actitude en clase e ante os compañeiros: mínimo 10%

En calquera caso, será necesario un grado de consecución dos obxectivos de cada unidade satisfactorio para superar a unidade.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

---

Os recursos necesarios para poder traballar perfectamente o tema desta unidade son os seguintes:

- Un aula que dispoña dos equipos informáticos necesarios para cada un dos alumnos.
- Cada equipo informático debe estar equipado cun sistema operativo *Windows* actualizado, e dispor tamén de todos os programas que se van utilizar (*Microsoft FrontPage, Internet Explorer, Microsoft Word...*).
- Conexión a Internet.
- Proxector.
- Apuntes para apoiar os conceptos teóricos e para consultas durante a realización das actividades nas que se divide a elaboración da páxina de inicio do diario virtual.

## **TEMPORALIZACIÓN**

---

O tempo previsto para o desenvolvemento da unidade didáctica é de dúas semanas, cun total de 6 horas de clase.

A unidade didáctica tense previsto impartir na segunda metade do segundo trimestre.

## **ORGANIZACIÓN ESPACIAL**

---

A unidade impartirase na aula de informática do centro, onde se disporá dun ordenador por cada dous alumnos; de maneira que poidan proceder á consecución das actividades asignadas por parellas.